

Adaptación de neoloxismos ao galego: análise de casos

Vanesa Freire Armada¹

Recibido: 29 de marzo de 2021 / Aceptado: 15 de xuño de 2021

Resumo. Esta pescuda ten por obxecto analizar e valorar a adecuación de catro neoloxismos adaptados –*tablet*, *croissant*, *tweet* e *covid-19*–, ou en proceso de adaptación, á lingua galega así como comprobar a veracidade da hipótese: para que unha variante denominativa calle entre os/as usuarios/as dunha lingua é preciso que a apoie unha autoridade lingüística. O método de análise empregado neste traballo consiste en proporcionar contexto sobre o termo a analizar, buscar documentación en bases de datos e en corpus, presentar graficamente os resultados obtidos a través de táboas, comprobar o carácter normativo das propostas e avaliar a súa adecuación tanto ao uso real como á grafía e fonética galegas. A conclusión principal é que a norma non pode ser estática senón que ten que adecuarse ás necesidades dos/as usuarios/as da lingua.

Palabras chave: léxico galego; terminoloxía; neoloxismos; adaptacións.

[es] Adaptación de neologismos al gallego: análisis de casos

Resumen. Esta investigación tiene por objeto analizar y valorar la adecuación de cuatro neologismos adaptados –*tablet*, *croissant*, *tweet* y *covid-19*– o en proceso de adaptación a la lengua gallega así como comprobar la veracidad de la hipótesis: para que una variante denominativa cuaje entre los/as usuarios/as de una lengua, es necesario que esta respaldada por una autoridad lingüística. El método de análisis utilizado en este trabajo consiste en proporcionar contexto sobre el término analizado, buscar documentación sobre el mismo en bases de datos y corpus, presentar graficamente los resultados obtenidos empleando tablas, comprobar el carácter normativo de las propuestas y evaluar su adaptación tanto al uso real como a la grafía y fonética gallegas. La conclusión principal es que la norma no puede ser estática sino que tiene que adecuarse a las necesidades de los usuarios/as de la lengua.

Palabras clave: léxico gallego; terminología; neologismos; adaptaciones.

[en] Neologisms and their Adaptation to the Galician Language: Case Study Analysis

Abstract. The aim of this research is to analyze and assess the suitability of four different neologisms –*tablet*, *croissant*, *tweet* and *covid-19*– which are in process of adaptation or which have already been adapted to the galician language. There are other goals such as demonstrating if the hypothesis: in order for a neologism variant to be utilized by language users, it is necessary for it to be supported by a linguistic authority. The method used here consists of providing a context for the term being analyzed, searching documentation in databases and in a variety of corpora, presenting the results obtained graphically by means of tables, checking the normative nature of the proposals and assessing their suitability for both, its real use and the Galician spelling and phonetics. The main conclusion is that the linguistic norms shall be dynamic regarding the language users needs.

Keywords: Galician Vocabulary; Terminology; Neologisms; Adaptation of Words.

Sumario. 1. Introducción. 1.1. Obxectivos. 2. Metodoloxía. 3. Análise de neoloxismos. 3.1 Análise do termo: *tablet*. 3.1.1. Documentación das bases de datos. 3.1.2. Documentación dos corpus. 3.1.3 Outros recursos. 3.1.4. Avaliación. 3.2. Análise do termo: *croissant*. 3.2.1. Documentación das bases de datos. 3.2.2. Documentación dos corpus. 3.2.3 Outros recursos. 3.2.4. Avaliación. 3.3. Análise do termo: *tweet*. 3.3.1. Documentación das bases de datos. 3.3.2. Documentación dos corpus. 3.3.3 Outros recursos. 3.3.4. Avaliación. 3.4. Análise do termo: *covid-19*. 3.4.1. Documentación das bases de datos. 3.4.2. Documentación dos corpus. 3.4.3 Outros recursos. 3.4.4. Avaliación. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

¹ Universidade de Vigo, Facultade de Filoloxía e Tradución.
Correo-e: vafreire@alumnos.uvigo.es. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-8578-7089>.

Como citar: Freire Armada, Vanesa (2022): “Adaptación de neoloxismos ao galego: análise de casos”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 25, pp. 283-292, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.90536>.

1. Introducción

En primeiro lugar, definir o que é un neoloxismo non é doado, xa que depende do contexto e da situación na que se atopan os termos. Para este traballo, posto que ten como fin analizar neoloxismos sen ter en conta que a súa data de creación fose recente ou non, decidiuse empregar a definición aportada por Alvar Ezquerro (2007: 1): “(...) son palabras nuevas por no figurar entre las columnas del diccionario académico, lo cual es un criterio bien objetivo, aunque se sustenta sobre una premisa que no es cierta, o, al menos, no lo es totalmente (...)”. Neste caso, o criterio de selección de neoloxismos realizouse tendo en conta que os termos non estaban incluídos no *Diccionario da Real Academia Galega* nin no *Vocabulario ortográfico da lingua galega* no ano en que xurdiron os devanditos termos.

Por outra banda, cómpre destacar que a situación sociolingüística do galego é diferente á do inglés, francés ou español xa que se trata dunha lingua minoritaria, que pasou por un período de represión ata 1981, ano en que se recoñece a súa cooficialidade co castelán e no que inicia o seu proceso de recuperación. Para evitar que o galego se extinguiase e poder fomentar o seu uso estandarizado, creouse a *Ley 3/1983, de 15 de junio, de normalización lingüística* (Boletín Oficial del Estado 1983: 6) cuxa disposición adicional indica: “En las cuestiones relativas a la normativa, actualización y uso correcto de la lengua gallega, se estimará como criterio de autoridad el establecido por la Real Academia Gallega.”. Seguindo esta indicación, ao longo desta investigación consideráronse adaptacións *oficiais* ou *normativas* aquelas propostas admitidas pola Real Academia Galega.

1.1. Obxectivos

O obxectivo principal deste estudo é analizar e valorar a adecuación de catro neoloxismos adaptados, ou en proceso de adaptación, á lingua galega. Ademais, procúrase o seguinte:

- a) Amosar as diferenzas que existen entre diversos neoloxismos de empréstito.
- b) Comparar as adaptacións ao galego coas adaptacións elixidas por outras linguas.

- c) Comprobar a veracidade da hipótese: para que unha variante denominativa calle entre os/as usuarios/as da lingua é preciso que a apoie unha autoridade lingüística.
- d) Avaliar dende un punto de vista crítico o carácter estático dos neoloxismos instaurados por institucións reguladoras da lingua.

2. Metodoloxía

A metodoloxía empregada para elaborar este artigo baséase na *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega* establecida por Rodríguez Río (2003). Neste traballo seguiremos as súas indicacións de documentarse en corpus e bases de datos para comprobar o uso real das propostas, tamén se considera necesario comparar as propostas do galego coas doutras linguas. A finalidade de facer esas propostas terminolóxicas é que acaden un uso real.

A elección dos termos fíxose pensando nos obxectivos anteriormente enumerados. Por ese motivo, todos os neoloxismos escollidos –*Tablet*, *Croissant*, *Tweet* e *Covid-19*– chegaron ao galego como empréstitos e ademais presentan características diversas igual que os seus procedementos de adaptación son diferentes. As propostas terminolóxicas tamén varían para cada termo.

A tipoloxía de clasificación de termos é a proposta por Cabré Castellví (2006: 229-250) e as súas denominacións en galego tomáronse da obra *Neoloxía e lingua galega* (Gómez Clemente e Rodríguez Guerra 2003: 95-168). As bases de datos e os corpus consultados son Buscatermos, TERGAL, Cercaterm, IATE, CORGA, TILG, CTG e CLUVI por seren considerados os máis completos e adecuados a todas as linguas deste traballo.

O método da investigación foi:

- Proporcionar contexto sobre o termo a analizar.
- Buscar documentación nas bases de datos e nos corpus.
- Presentar os resultados en dúas táboas –unha para bases de datos e outra para corpus– nas que se proporcionan o número de repeticións e os seus exemplos.
- Comprobar o carácter normativo das propostas.
- Avaliar a súa adecuación tanto ao uso real como á grafía e fonética galegas.

3. Análise de neoloxismos

3.1. Análise do termo: *Tablet*

O termo *Tablet* /'ta-blət/ provén da lingua inglesa e en galego adoptouse co significado: dispositivo informático portátil, que ten unha forma plana e rectangular como a dunha revista ou folio, que normalmente se controla a través dunha pantalla táctil e que adoita empregarse para acceder a Internet, ver vídeos, xogar a videoxogos, ler libros electrónicos etc.²

En inglés, este significado para o termo *tablet* xorde na década dos 80 cando se popularizaron este tipo de aparellos chamados *pads* ou *tablet computers* pola súa semellanza a unha táboa. A medida que se vendían estes dispositivos, foise estendendo o nome *tablet* en lingua inglesa, pero non foi ata o ano 2008 que o *Oxford English Dictionary* recoñeceu o termo como neoloxismo e engadiu a acepción seu dicionario en liña. En Galicia non se comezou a falar de *tablets* ata os 2000, cando estes dispositivos comezaron a comercializarse en España.

3.1.1. Documentación das bases de datos

En primeiro lugar, fíxose a pescuda do termo puro *tablet* en Buscatermos. En segundo lugar, buscáronse en TERGAL as equivalencias obtidas no paso anterior. O resultado foi o que se

presenta na Táboa 1. A maiores consultáronse as posibles adaptacións de *tablet* como *táblet* ou *táboa* e non se atoparon resultados para ningunha. Logo, repetiuse o proceso nas outras bases de datos, que non inclúen a lingua galega. En todos os casos, a categoría baixo a que se clasificaba este termo era *informática* ou *comunicación*.

A continuación, preséntase unha táboa comparativa coa información obtida en cada base de datos consultada. Por unha banda, indícanse as linguas nas que se atoparon termos equivalentes –horizontal– e pola outra os nomes das ferramentas nas que se fixeron as pescudas –vertical.

Pódese observar que hai unha gran consistencia nos resultados e que en todas as linguas se opta polos empréstitos adaptados ortograficamente –*tableta*, *tablete*, *tauleta tàctil* e *tablette*– antes que polo empréstito non adaptado –*tablet*. No caso do galego, a denominación *tableta* coincide coa do castelán.

3.1.2. Documentación dos corpus

Unha vez recompilada a información das bases de datos realizouse a busca das posibles adaptacións ao galego nos corpus para coñecer o seu uso real. Neste caso, para o termo *tablet* elixíronse as opcións *táblet*, *tableta* e *tablet*.

	Galego	Portugués	Español	Catalán	Francés
Buscatermos	Tableta	Tablete	Tableta; tableta táctil	Tauleta tàctil	Tablette
TERGAL	Tableta	Tablet; tablete	Tableta	Tauleta tàctil	Tablette
Cercaterm	---	---	Tableta	Tauleta tàctil	Tablette
IATE	---	Táblete	Tableta; ordenador pizarra	---	Tablette; tablette tactile

Táboa 1. Documentación das bases de datos (*tablet*)

	TABLETA		TÁBLET		TABLET	
	Nº	Contexto	Nº	Contexto	Nº	Contexto
CORGA	27	...vai saír unha versión da tableta orientada aos cativos...	0	---	68	...as dimensións da nova versión do tablet para...
TILG	0	---	0	---	0	---
CTG	5	...traballar cunha tableta gráfica.	0	---	1	...o 770 Internet Tablet.
CLUVI	0	---	1	A presión da que a táblet informa...	0	---

Táboa 2. Documentación dos corpus (*tablet*)

² Tradución propia da definición que proporciona o *Dicionario en liña Merriam-Webster*.

A continuación, preséntase unha táboa comparativa cos datos obtidos en cada corpus. Por unha banda, indícanse os posibles termos adaptados co número de veces que aparecen e cun exemplo do seu contexto. Por outra banda, aparecen os nomes dos corpus nos que se fixeron as pescudas.

Ao buscar no corpus paralelo CLUVI aparece unha nova denominación para *tablet* xa que se traduciu, e adaptou, como *táboa dixitalizadora* nun total de 5 textos. De entre as outras variantes, a máis empregada é o empréstito non adaptado *-tablet-* xa que aparece nun total de 69 textos fronte aos 32 de *tableta* e a 1 único texto no que se emprega o empréstito adaptado ortograficamente *-táblet*. Nos exemplos extraídos chama a atención a inconsistencia do xénero para o neoloxismo *tablet*.

3.1.3. Outros recursos

Finalmente, para comprobar a súa corrección normativa e a súa aceptación como neoloxismo, consultáronse o *Diccionario en liña* da Real Academia Galega e a Neoteca do Servizo de Normalización Lingüística da Uvigo. Os resultados foron:

- A Real Academia Galega apoia a denominación *tableta* como única posible e engade o termo no dicionario.
- A Neoteca reconece *tablet* como neoloxismo e considérao un empréstito.

3.1.4. Avaliación

As institucións lingüísticas, que establecen as normas, deben adecuar as súas decisións ao uso real da lingua procurando sempre respectar as regras gramaticais, ortográficas e fonéticas polas que se rexe. Tal e como indica Cabré Castellví (2002: 10): “Consideramos que las medidas interventivas puntuales (...) cuente con un marco legal que respalde la intervención, con la actitud favorable de la sociedad que va a llevar el cambio, y con los recursos necesarios y la voluntad política para llevar a cabo el plan”.

No caso do galego aínda se debe ter máis coidado, xa que se trata dunha lingua minoritaria que aínda está a evolucionar³.

Os neoloxismos xorden pola necesidade das/os usuarias/os que falan esa lingua polo que tamén se debe ter en conta o termo que máis empregan, aínda que non sexa o ideal en canto ao estilo ou forma. É por este motivo polo que se considera que a mellor opción para adaptar o termo *tablet* ao galego é *táblet*, xa que cumpre coas normas actuais do galego e coincide coa forma máis empregada polos/as usuarios/as. Alén diso, existe o empréstito adaptado *Tíbet*, que ten características moi similares, e que foi aceptado pola norma tras adaptarse ortograficamente do mesmo xeito que se propón aquí con *táblet*.

O termo *tableta* considérase, neste artigo, como calco. Para argumentar esta afirmación cómpre remitirse ao número 138 d’*Un idioma preciso* (2010), no que se explica en detalle que *tableta* créase a partir de semellanzas formais e non de contido.

En canto á inconsistencia no xénero deste substantivo cómpre destacar que se a adaptación debe converter o termo *tablet* en feminino xa que, como dixemos anteriormente, chámase así debido á súa similitude cunha *táboa*, que en galego é un substantivo feminino, polo que os seus derivados tamén deberían manter o xénero.

3.2. Análise do termo: *croissant*

Croissant /kʁwa’sã/, termo de orixe francés que chegou ao galego co significado: bolo pequeno de masa de pan ou de follado, estirada en forma de triángulo, envolta sobre si mesma e moldeada con forma de crecente ou media lúa⁴.

O termo *croissant* con esta acepción xorde en Francia na época de María Antonieta, concretamente no 1770, cando trouxo de Viena este doce. Porén, non foi ata mediados do século XX que o *croissant* gañou popularidade entre a xente cando se creou en París a versión que hoxe coñecemos –un bolo elaborado con manteiga e follado– e que comezou a ser un produto imprescindible dos almorzos dos/as franceses/as. É a partir deste momento no que a comercialización do *croissant* se estende a outros países, entre eles, España.

Trátase, xa que logo, dun neoloxismo de finais do século XX e comezos do XXI que actualmente xa non se considera como tal senón como un termo propio do léxico galego común.

³ Sobre o cambio lingüístico do galego e a súa situación actual recoméndase a lectura da obra de Regueira e Fernández Rei 2017.

⁴ Tradución propia da definición proporcionada pola enciclopedia *Larousse gastronomique* (1997: 359).

3.2.1. Documentación das bases de datos

Pescudouse en Buscatermos, TERGAL, Cercaterm e IATE a palabra *croissant* sempre baixo a categoría de *alimentación*. Os resultados son os que se amosan graficamente na Táboa 1.1. A busca da variante *cruasán* nas bases de datos de galego non ten resultados. Cómpre destacar que en TERGAL o termo *croissant* aparece en francés co significado que ten *crecente* en galego. Ao realizar a pescuda de *crecente* aparece o termo co significado de lúa crecente. Na Táboa 3 preséntase unha tabela comparativa similar á do apartado anterior.

Pódese observar que en portugués o termo aínda non está adaptado. Ademais, todas as linguas nas que se obtiveron resultados, agás o español, decidiron importar o empréstimo puro sen ningún tipo de adaptación.

3.2.2. Documentación dos corpus

Unha vez recompilada a información das bases de datos realizouse a busca das posibles adaptacións ao galego nos corpus para coñecer o seu uso real. Neste caso, para o termo *croissant* elixíronse as opcións *crecente*, *cruasán* e *croissant*. Adicionalmente, posto que é común ver escrita nas cafeterías a variante *curasán*, tamén se consultou no CORGA por ser o único corpus non especializado. Atopouse un texto

que empregaba esta variante. Na Táboa 4 preséntase unha tabela comparativa cos datos obtidos en cada corpus.

O nome *crecente* aparece nas bases de datos co significado de ‘lúa’ ou ‘con forma de lúa’ xa que é un termo habitual –aparece 105 veces– do léxico galego e no caso de adaptar *croissant* como *crecente* habería que engadir unha nova acepción a este substantivo igual que aconteceu orixinariamente no caso do francés. *Cruasán* aparece nun total de 3 textos fronte aos 42 nos que aparece o termo *croissant*.

3.2.3. Outros recursos

Finalmente, para comprobar a súa corrección normativa e a súa aceptación como neoloxismo, consultáronse o *Diccionario en liña* da Real Academia Galega e a Neoteca do Servizo de Normalización Lingüística da Uvigo. Os resultados foron:

- A Real Academia Galega apoia a denominación *croissant* como única posible e engade o termo no dicionario.
- A Neoteca non recoñece *croissant* como neoloxismo.

3.2.4. Avaliación

Actualmente o termo máis empregado en textos impresos é *croissant* xa que leva varios

	Galego	Portugués	Español	Catalán	Inglés
Buscatermos	Croissant	---	Cruasán	---	Croissant
TERGAL	Croissant	---	Cruasán	---	Croissant
Cercaterm	---	---	Cruasán	Croissant	Croissant
IATE	---	---	---	---	---

Táboa 3. Documentación das bases de datos (*croissant*)

	CRECENTE ⁵		CRUASÁN		CROISSANT	
	Nº	Contexto	Nº	Contexto	Nº	Contexto
CORGA	0	---	3	...almorzadores de zume e cruasán...	31	...tomaba un café con leite e un croissant.
TILG	102	...atopemos en carto crecente pra sementar...	0	---	10	... foi mollando o croissant no café...
CTG	0	---	0	---	1	...de graxas trans, os croissants ata un 1,58%...
CLUVI	3	Pola noite, o crecente da lúa...	0	---	1	---

Táboa 4. Documentación dos corpus (*croissant*)

⁵ Os resultados de ‘crecente’ son para o significado de ‘lúa’.

anos recoñecido no dicionario da RAG. No entanto, non é o que máis se adecúa á grafía e fonética galegas. Por este motivo aínda se ven, a día de hoxe, nas táboas do menú das cafeterías as variantes *cruasán* e *curasán*. Unha persoa que non coñece a lingua francesa non sabe que o que se pronuncia /wa/ se escribe como *oi*. A Real Academia Galega, no seu dicionario en liña, di que un/unha galegofalante debe pronunciar o termo así /krwa'saŋ/ mais, a grafía en galego debe ser *croissant*, o que normalmente se pronunciaría como /kroi'saŋ/. Estamos perante un caso no que “A incorporación masiva de voces foráneas presenta tamén a miúdo problemas no plano fonético e morfolóxico das linguas receptoras, que debemos tratar de evitar na medida do posible” (González González 2004: 35).

A solución a isto sería ou ben adaptar ortograficamente o termo ou ben copiar a estratexia que se fixo na lingua de orixe, é dicir, coller un termo existente que fai referencia á forma do bolo e engadirlle unha acepción co novo significado. Neste caso, como na sociedade callou a pronuncia /krwa'saŋ/ o termo máis recomendable sería *cruasán*, pois adecúase gráfica e foneticamente ás normas do galego e evitaría que as/os usuarias/os tivesen problemas á hora de escribilo.

3.3. Análise do termo: *tweet*

O termo *tweet* /twi:t/ creouse no ano 2006 co lanzamento da rede social *Twitter* na que se poden publicar *tweets* e facer *retweets*. Un *tweet*

é unha publicación que se fai na plataforma *Twitter* e que ten características especiais: son textos que non podían exceder orixinalmente os 140 caracteres –actualmente o límite son 280– e que poden ou non ir acompañados dunha imaxe. Cando se quere escribir máis de 280 caracteres pódense crear *threads*, é dicir, responder ao propio *tweet* e así quedarán ligados por unha liña e preséntanse os textos de xeito vertical. Por outra banda, cando se quere volver a publicar un *tweet* de outra persoa dise *retweet*. Isto implica que a adaptación de *tweet* debe ir acorde coas de *retweet* e *thread*.

Todos estes termos gañaron popularidade e comezaron a considerarse como neoloxismos a partir de 2011, cando a plataforma superou 100 millóns de usuarios/as activos/as.

3.3.1. Documentación das bases de datos

Igual que nos casos anteriores, o primeiro foi buscar *tweet* nas bases de datos Buscatermos, TERGAL, Cercaterm e IATE. Os resultados son os da *Táboa 1.2*. Como nas adaptacións ao francés ou só aparece micromessage ou só *tweet*, decidiuse consultar o termo nunha base de datos canadense –TermiumPlus– e francesa –CRITER. Os resultados neste caso foron: 1. En Canadá a denominación correcta é *gazouillis*; 2. Na base de datos CRITER non hai resultados polo que se buscou no dicionario en liña *Le Robert*, o resultado neste caso é que *tweet* se importou como anglicismo. Na *Táboa 5* preséntase unha tabela comparativa similar á dos apartados anteriores.

	Galego	Portugués	Español	Catalán	Francés
Buscatermos	Chío; tuit	Tuite; tweet	Tuit	Piulada; tuit	Micromessage
TERGAL	Tweet	Tweet	Tweet	Tweet	Tweet
Cercaterm	Chío; tuit	Tuite; tweet	Tuit; tweet	Piulada; tuit	Micromessage
IATE	---	Tuíte; tweete	Tuit	---	Tweet

Táboa 5. Documentación das bases de datos (*tweet*)

	CHÍO		TUIT		TWEET	
	Nº	Contexto	Nº	Contexto	Nº	Contexto
CORGA	1	Rechío ou chíó, en lugar de tuit...	5	...un tuit levaría o hashtag #must.	12	...publicou un tweet!...
TILG	0	---	0	---	0	---
CTG	0	---	0	---	0	---
CLUVI	0	---	0	---	0	---

Táboa 6. Documentación dos corpus (*tweet*)

No caso do portugués, IATE marca como recomendada a variante *tuite*. En galego, existen as variantes *chío*, *tuit* e *tweet*. No resto de linguas as opcións son semellantes agás no francés, que en lugar de adaptar o termo ortograficamente óptase por empregar outra palabra xa existente que describe brevemente o significado de *tweet*.

3.3.2. Documentación dos corpus

De novo, unha vez recompilada a información das bases de datos realizouse a busca das posibles adaptacións ao galego nos corpus para coñecer o seu uso real. Neste caso, para o termo *tweet* optouse polas opcións *chío*, *tuit* e *tweet*. Posto que o concepto de *tweet* é moi recente e os corpus non conteñen textos tan novos, decidiuse facer tamén unha pescuda no buscador da plataforma Twitter. Na Táboa 6 ofrécese unha tabela comparativa cos datos obtidos en cada corpus.

O único corpus que contén este concepto –nun total de 18 textos– é o CORGA, os demais non dan resultados. Agora ben, ao facer a busca o día 04/01/2021 na plataforma Twitter aparecen moitos *tweets* –non ten contador pero para esta investigación calculáronse mínimo 20 *tweets* que conteñen o termo *chío* con ese significado. Entre as/os usuarias/os que o empregan atópanse organizacións como Investigal e a TVG.

3.3.3. Outros recursos

Finalmente, para comprobar a súa corrección normativa e a súa aceptación como neoloxismo, consultáronse o *Diccionario en liña* da Real Academia Galega e a Neoteca do Servizo de Normalización Lingüística da Uvigo. Os resultados foron:

- A Real Academia Galega apoia a denominación *chío* –e *rechouchío*– como única posible e engade o termo no dicionario.
- A Neoteca non ten recollido *tweet* como neoloxismo.

3.3.4. Avaliación

De entre as posibles adaptacións de *tweet* ao galego a máis correcta e aceptada é *chiar*. Os termos *tweet*, *retweet* e *thread* son metáforas creadas para unha plataforma que ten o logo dun paxaro, polo tanto o máis recomendable é buscar un equivalente idéntico na lingua á que se queren trasladar Dobrzyńska (1995: 599). Neste caso é doado, *tweet* en inglés significa *piar* ou *chiar* e un *tweet* sería o equivalente de

chío ou *pío*. No caso de *thread* acontece o mesmo, pode traducirse como *fío*. A palabra *retweet* xa é diferente posto que é un termo que en inglés se creou por prefixación e que en galego tampouco existe. A proposta *rechouchiar* adecúase á grafía e á fonética galegas, ademais de conter o termo *chiar* que se refire a *chío*.

Este tipo de metáfora é similar á de *desktop* e *mouse* –informática e computación– que se traduciron e adaptaron ao galego como *escritorio* e *rato*.

Existe outro factor que favorece a utilización de *chío* sobre *tuit* ou *tweet* e é a aceptación por parte dos/as usuarios/as non só da lingua senón tamén da plataforma. Twitter ten unha versión en galego na que decidiu presentar as accións de *publicar un tweet* e *facer retweet* como *publicar un chío* e *rechouchiar*. Estas adaptacións foron benvidas por todos/as os/as usuarios/as. Non aconteceu o mesmo coa versión en galego de *hashtag* –que se aplica a máis plataformas. O termo *cancelo* non tivo nin ten boa acollida polo que quizais acabe por adaptarse co empréstimo puro *hashtag*.

3.4. Análise do termo: covid-19

O caso do termo *Covid-19* é moi infrecuente. Máis que un neoloxismo é un neónimo, é dicir un termo especializado de recente creación, mais dadas as circunstancias e o número de persoas a quen afectou o virus así chamado pasou a formar parte do léxico común xunto coas variantes *SARS-CoV-2* e *coronavirus*. Cada unha das tres variantes ten unha orixe diferente. *SARS-CoV-2* creouse a raíz do termo *SARS-CoV*, que xa existía para designar outro virus que tamén tiña forma de coroa. Ao termo engadíuselle a sufixación *-2* para indicar que se trataba dun novo virus. Pola súa parte, o termo *Covid-19* creouse en lingua inglesa como un acrónimo de *Coronavirus disease* máis o número que indica o ano en que se orixinou –20–19. A outra variante adaptada é *coronavirus*, que tamén se creou en lingua inglesa por composición a través das palabras latinas *corona* e *virus*.

3.4.1. Documentación das bases de datos

Neste caso buscouse o termo *covid*, sen ningunha terminación en Buscatermos, TERGAL, Cercaterm e IATE. Os resultados son os da Táboa 1.3. A continuación, preséntase unha tabela comparativa similar á dos apartados anteriores (Táboa 7).

Pódese observar que todas as bases de datos están actualizadas e dispoñen de información

	Galego	Portugués	Español	Catalán	Francés
Buscatermos	Covid-19; COVID-19; coronavirus; COVID	COVID-19	COVID-19; enfermedad del coronavirus COVID-19	COVID-19	---
TERGAL	COVID-19; Covid-19	COVID-19; Covid-19	COVID-19; Covid-19	COVID-19; Covid-19	COVID-19; Covid-19
Cercaterm	---	---	COVID-19; covid-19	COVID-19; Covid-19; Coronavirus 2	COVID-19
IATE	---	COVID-19; doença por coronavirus 2019	COVID-19; enfermedad por coronavirus 2019	---	COVID-19; maladie à coronavirus 2019

Táboa 7. Documentación das bases de datos (*covid-19*)

sobre este termo creado e instaurado durante o 2020. Os resultados indican que a maioría das linguas optan polo acrónimo *COVID-19* e que o termo *coronavirus* resulta ser unha abreviación dun termo composto por varias palabras.

3.4.2. Documentación dos corpus

En primeiro lugar buscáronse os termos *covid* e *covid-19* nos corpus CORGA, TILG, CTG e CLUVI. Os resultados foron negativos. Ningún corpus contiña este termo debido a que non están actualizados e os textos que conteñen son anteriores ao 2019 –ano en que se creou o termo–. Por este motivo, a documentación de corpus decidiu consultarse na páxina web da TVG, no seu buscador de novas. Neste caso o resultado foi completamente diferente, pois atopáronse 4396 textos que conteñen *covid*, *covid-19* ou *COVID-19*. Ao buscar o termo *coronavirus* o resultado foi 5113 textos. Fíxose a busca tamén noutros xornais de lingua galega pero os resultados non eran exactos xa que non todos os textos que aparecían contiñan os termos procurados.

3.4.3. Outros recursos

Finalmente, para comprobar a súa corrección normativa e a súa aceptación como neoloxismo, consultáronse o *Diccionario en liña* da Real Academia Galega e a Neoteca do Servizo de Normalización Lingüística da Uvigo. Os resultados foron:

- A Real Academia Galega apoia as denominacións *covid-19* e *coronavirus* como as dúas opcións posibles e engade os termos no dicionario.
- A Neoteca non ten recollido *covid-19* como neoloxismo.

3.4.4. Avaliación

Actualmente, os termos *covid-19* e *coronavirus*

están aceptados pola Real Academia Galega e coinciden en forma cos equivalentes do termo noutras linguas. Isto implica que o grao de internacionalización do termo é alto polo que en galego tamén debería manterse para que o termo sexa recoñecible globalmente. Alén diso, o uso real tanto de coronavirus como de covid indica que son as variantes máis empregadas e que actualmente coexisten sen dificultades. É posible que nun futuro, se pasan varios anos e os dous termos están completamente acuñados e afianzados pasen a ser sinónimos e deixen de ser variantes denominativas.

4. Conclusións

Pódese concluír que o obxectivo principal desta pescuda foi acadado. Os neoloxismos *tablet*, *croissant*, *tweet* e *covid-19* foron analizados, presentáronse propostas para as súas adaptacións e valorouse a adecuación ao uso real que se fai delas en galego. Así mesmo, creáronse táboas nas que se comparaban as adaptacións dos termos que fixeron as linguas francesa, portuguesa, inglesa, catalana e española.

Tocante aos obxectivos específicos afirmábase que todos os neoloxismos de empréstito estudados presentan diferenzas nos procedementos de creación, na época en que se crearon e no uso real dos/as falantes amosando a variedade que existe dentro deste tipo de neoloxismos.

Unha vez realizada esta investigación comprobamos que a afirmación “para que unha variante denominativa calle entre os/as usuarios/as da lingua é preciso que a apoie unha autoridade lingüística” non é correcta. Isto demostrárono os termos *croissant* e *tablet* que teñen unha adaptación regulada pola normativa e aínda así os/as falantes empregan outra denominación diferente tal e como indicamos no apartado 3.1.4.

5. Referencias bibliográficas

- Alvar Ezquerro, Manuel (2007): “El neologismo español actual. Léxico Español Actual”, en L. Luque Toro (coord.), *Actas del I Congreso Internacional de Léxico Español Actual*. Venecia-Treviso: Università Ca’ Foscari di Venezia, pp. 11-36, <https://es.scribd.com/document/82321081/Atti-6>.
- Boletín Oficial del Estado (1983): *Ley 3/1983, de 15 de junio, de normalización lingüística*. Parlamento de Galicia: A Coruña.
- Buscatermos = Xusto Alexandre Rodríguez Río (coord.) (2021): *Base de datos terminológica da USC*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Normalización Lingüística, Área de Terminoloxía, <https://aplicacions.usc.es/buscatermos/publica/index.htm> [consulta: 05/01/2021].
- Cabré Castellví, María Teresa (2006): “La clasificación de neologismos: una tarea compleja”, *Alfa* 50/2, pp. 229-250, <https://periodicos.fclar.unesp.br/alfa/article/view/1421> [consulta: 05/01/2021].
- (2002): *Terminología y normalización lingüística*, en *Jornadas 2002* del Instituto de euskara, <https://www.ehu.eus/documents/2430735/2877801/cabret.pdf>, [consulta: 05/01/2021].
- Cercaterm = Jordi Bover i Salvadó (dir.) (2021): *Buscador del conjunto de fichas terminológicas de TERMCAT*. Barcelona: Centre de Terminoloxía TERMCAT, <https://www.termcat.cat/es/cercaterm> [consulta: 05/01/2021].
- CLUVI = Xavier Gómez Guinovart (dir.) (2003): *Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo*. Vigo: Universidade de Vigo / Seminario de Lingüística Informática do Grupo TALG, <https://ilg.usc.gal/cluvi/> [consulta: 05/01/2021].
- Compañía Radio Televisión de Galicia (2021): *Buscador de novas*. Santiago de Compostela: Corporación Radio e Televisión de Galicia, <http://www.crtvg.es/> [consulta: 05/01/2021].
- CORGA = Guillermo Rojo e María Sol López Martínez (dirs.) (2019): *Corpus de Referencia do Galego Actual. Versión 3.2*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <http://corpus.cirp.es/corga> [consulta: 05/01/2021].
- CRITER = Ministère de la culture du gouvernement de France (ed.) (2003): *Corpus du Réseau Interministériel de Terminologie*. París: Ministère de la culture, <https://www.culture.gouv.fr/Sites-thematiques/Langue-francaise-et-langues-de-France> [consulta: 05/01/2021].
- CTG = Xavier Gómez Guinovart e Miguel Solla (orgs.) (2017): *Corpus Técnico do Galego*. Universidade de Vigo / Seminario de Lingüística Informática do Grupo TALG, <https://ilg.usc.gal/ctg/> [consulta: 05/01/2021].
- Dobrzyńska, Teresa (1995): “Translating metaphor: Problems of meaning”, *Journal of Pragmatics* 24, pp. 595-604.
- Flavigny, Laure (dir.) e Patrice Maubourguet (ed.) (1997): *Larousse gastronomique*. Canadá: Les éditions françaises Inc.
- Gómez Clemente, Xose María e Alexandre Rodríguez Guerra (coords.) (2003): “Aspectos metodolóxicos e práctica da neoloxía”, en Servizo de publicacións da Uvigo (ed.), *Neoloxía e lingua galega*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 95-168.
- González González, Manuel (2004): “Neologia de importação no português europeu: desafios e medidas a tomar”, M. Correia e A. Mineiro (eds.), *Actas do XX Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, pp. 33-54, <https://apl.pt/wp-content/uploads/2017/12/2004-2.pdf> [consulta: 05/01/2021].
- (dir.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, <https://academia.gal/dicionario/> [consulta: 05/01/2021].
- IATE = European Union terminology (1995-2019): *Interactive Terminology for Europe*, <https://iate.europa.eu/home> [consulta: 05/01/2021].
- Le Robert (2021): *Le Robert Dico en Ligne*. París: Éditions Le Robert, <https://dictionnaire.lerobert.com/> [consulta: 05/01/2021].
- Merriam-Webster (2021): *Merriam-Webster.com Dictionary*. Springfield, Massachusetts: Merriam-Webster, Inc., <https://www.merriam-webster.com/dictionary/> [consulta: 05/01/2021].
- Neoteca = Xavier Gómez Guinovart (dir.) (1997): *Banco de datos sobre neoloxía do galego*. Vigo: Seminario de Lingüística Informática / Observatorio de Neoloxía do Grupo TALG / Universidade de Vigo, <https://ilg.usc.gal/neoteca/> [consulta: 05/01/2021].
- Oxford University Press (ed.) (2021): *Lexico.com*. Oxford: Oxford University Press, https://www.lexico.com/?search_filter=en_dictionary [consulta: 05/01/2021].

- Regueira, Xosé Luís e Elisa Fernández Rei (eds.) (2017): *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Rodríguez Río, Xusto A. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua.
- TERMIGAL = Manuel González González (dir.): TERGAL (2016): *Banco de termos galegos recomendados, versión 1.5.2*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <http://www.cirp.gal/tergal> [consulta: 05/01/2021].
- TERMIUM Plus = Translation bureau (2021): *the Government of Canada's terminology and linguistic data bank*. Quebec: Public Works and Government Services Canada, Termium Plus® [consulta: 05/01/2021].
- TILG = Antón Santamarina (dir.), Ernesto González Seoane e María Álvarez de la Granja: *Tesouro informatizado da lingua galega (Versión 4.1)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <http://ilg.usc.gal/TILG/> [consulta: 05/01/2021].
- Twitter = Twitter (2021): *Buscador de Twitter*, <https://twitter.com/explore> [consulta: 05/01/2021].
- Un idioma preciso = 138. *Ordenadores en tabletas* (2010). Santiago de Compostela: Servizo de normalización lingüística / Universidade de Santiago de Compostela, https://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/uiip/arquivo/numero_138.html [consulta: 29/12/2020].